

ACTA Nº3 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUN TÉCNICO/A FORESTAL DO “OBRADOIRO DE EMPREGO TORRE GOIÁNS IV- BOIRO”

SESIÓN DO 29/11/2024

Presidente: Martín Blanco Buceta

Secretaria: María Mariño Poza

Vogal 1: Carmen Saavedra Pego

Vogal 2: Ángela Resúa Rodríguez

Vogal 3: Carmen Santamaría Olveira

No salón de plenos da Casa Consistorial, sendo as 09:35 horas do 29/11/2024, reúnen-se os membros do tribunal designado para a selección dun/ha técnico/a forestal do Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns IV-Boiro.

O anuncio e bases da convocatoria foron publicadas no BOP da Coruña número 212 de data de 04/11/2024, na páxina web do concello www.boiro.gal, así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego.

O obxecto desta sesión é a resolución de posibles alegacións presentadas á valoración do currículo, outorga-las puntuacións definitivas e realizar a proposta de contratación.

1.- ALEGACIÓN PRESENTADA:

Consta unha alegación presentada pola candidata Natalia Buela Sampedro na que achega autobaremo de méritos e informa de vida laboral para completar a documentación xa aportada na instancia de solicitude a este proceso selectivo.

En relación aos cursos, só se valorarán aqueles cunha duración mínima de 20 horas lectivas debidamente acreditados e homologados, relacionados coas materias obxecto da convocatoria, impartidos polas administracións públicas, universidades públicas e/ou sindicatos dentro dos plans de formación para o emprego.

Unha vez revisada a alegación procede asignarlle a esta candidata as seguintes puntuacións:

NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	CURSOS DE FORMACIÓN
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0,1	1,2	2,75	0,2	1

2.- CORRECCIÓN DE ERROS:

O tribunal detectou que non se lle valorou o apartado de cursos de formación ao aspirante Emilio Saborido Fernández, polo que procede outorgarlle un punto neste apartado.

3.- PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS:

O tribunal acorda por unanimidade outorgar as seguintes puntuacións finais, segundo se detalla a continuación por orde decrecente de puntuación total:

NOME	TIT. COMPL	EXP. OBRAD	EXP. SIMILAR	CURSOS	CURSOS DE FORMACIÓN	PUNTOS ENTREVISTA	TOTAL
EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ	0,15	2,1	3	0,6	1	6,2	13,05
NATALIA BUELA SAMPEDRO	0,1	1,2	2,75	0,2	1	4	9,25

4.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

O tribunal acorda por unanimidade propoñer a contratación do candidato EMILIO SABORIDO FERNÁNDEZ como técnico forestal para o "Obradoiro de Emprego Torre de Goiáns IV-Boiro".

Asemade se propón como suplente á candidata NATALIA BUELA SAMPEDRO, en caso de ser necesario.

E non sendo máis os asuntos que tratar, dase por rematada a sesión cando son as 09:50 horas do día da data, do que eu, secretaria do tribunal dou fe.



Martín Blanco Buceta



María Mariño Poza



Carmen Saavedra Pego



Ángela Resúa Rodríguez



Carmen Santamaría Olveira